



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES DESTINADAS AL FOMENTO DE PROGRAMAS Y ACTIVIDADES A FAVOR DE LA IGUALDAD EFECTIVA ENTRE MUJERES Y HOMBRES, DE LAS PERSONAS DEL COLECTIVO LÉSBICO, GAY, BISEXUAL, TRANSEXUAL, INTERSEXUAL Y QUEER (LGBTIQ+) Y DE LA PREVENCIÓN Y LUCHA CONTRA LAS VIOLENCIAS MACHISTAS PARA EL AÑO 2026

BDNS (Identif.): 912322

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/912322>)

Título

Extracto del Acuerdo de 8 de junio de 2026 de la Junta de Gobierno Local del Ayuntamiento de Santiago de Compostela por el que se aprueba la convocatoria de subvenciones destinadas al fomento de programas y actividades a favor de la igualdad efectiva entre mujeres y hombres, de las personas del colectivo lésbico, gay, bisexual, transexual, intersexual y queer (LGBTIQ+) y de la prevención y lucha contra las violencias machistas para el año 2026.

Texto

Primero. Entidades beneficiarias y requisitos

Podrán solicitar las subvenciones objeto de la presente convocatoria las asociaciones y entidades sin ánimo de lucro que cumplan, en la fecha de finalización del plazo de presentación de solicitudes, los siguientes requisitos:

a) Estar legalmente constituidas e inscritas en el Registro Gallego de Asociaciones y, en su caso, tener actualizados todos sus datos registrales. Cualquier modificación producida desde su inscripción o última actualización deberá comunicarse por escrito al Departamento de Igualdad junto con la solicitud.

b) Estar inscritas en el Registro Municipal de Asociaciones del Ayuntamiento de Santiago de Compostela con anterioridad a la publicación de esta convocatoria y mantener actualizados sus datos, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 17 del Reglamento de Participación Ciudadana.

c) Carecer de ánimo de lucro.

d) Desarrollar principalmente sus actividades en el término municipal de Santiago de Compostela.

e) Estar al corriente, en su caso, en la justificación de subvenciones concedidas anteriormente por el Ayuntamiento de Santiago de Compostela.

f) Hallarse al corriente en el cumplimiento de sus obligaciones tributarias con el Ayuntamiento de Santiago de Compostela, la Agencia Estatal de Administración Tributaria y la Hacienda autonómica, así como con la Seguridad Social. Asimismo, deberán estar al corriente en el reintegro de subvenciones concedidas por el Ayuntamiento, cuando proceda.

g) No estar incurso en ninguna de las prohibiciones o incompatibilidades previstas en el artículo 13 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.

h) No podrán obtener la condición de beneficiarias aquellas entidades en las que concurra alguna de las circunstancias previstas en los apartados 2 y 3 del artículo 13 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, o en los apartados 2 y 3 del artículo 10 de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de subvenciones de Galicia.

i) Tener recogido expresamente en sus estatutos, como objeto o entre sus fines institucionales, la promoción de la igualdad efectiva entre mujeres y hombres y/o la defensa de los derechos y libertades de las personas y del colectivo LGBTIQ+.

j) Acreditar la representación legal de la persona que actúe en nombre de la entidad.

k) Tener sede, domicilio social o delegación permanente en el término municipal de Santiago de Compostela. Se entenderá por delegación permanente aquella que disponga de personal permanente y de un local fijo para el desarrollo de sus actividades, así como de una estructura organizativa suficiente para garantizar el cumplimiento de sus fines sociales.

l) Cumplir, además, cualquier otro requisito previsto en el artículo 13 de la Ley General de Subvenciones.

Todos estos requisitos deberán mantenerse durante todo el ejercicio 2026.

No se admitirán a trámite las solicitudes presentadas por entidades que no cumplan la totalidad de los requisitos exigidos en la fecha de finalización del plazo de presentación.

Segundo. Objeto

La presente convocatoria tiene por objeto subvencionar programas y actividades dirigidos a promover la igualdad efectiva entre mujeres y hombres, la igualdad de trato y derechos de las personas LGBTIQ+ y la prevención y erradicación de las violencias machistas.

Se establecen las siguientes líneas de actuación:

Línea 1. Programas y actividades de fomento de la igualdad efectiva entre mujeres y hombres.

Su finalidad es apoyar actividades e iniciativas que promuevan la igualdad de género y la igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres.

Línea 2. Programas y actividades de fomento de la igualdad efectiva de las personas LGBTIQ+.

Su finalidad es apoyar actividades e iniciativas que promuevan la igualdad de trato, la no discriminación y la garantía de los derechos de las personas del colectivo LGBTIQ+.

Línea 3. Programas y actividades para la prevención de las violencias machistas en el municipio de Santiago de Compostela.

Su finalidad es apoyar la puesta en marcha y el desarrollo de actividades e iniciativas orientadas a avanzar hacia un municipio libre de violencias machistas.

Tercero. Cuantía

Para la financiación de las subvenciones previstas en esta convocatoria se destina un crédito presupuestario de 30.000 euros, con cargo a la aplicación presupuestaria 010 23102 4890100/2026.

Podrá subvencionarse hasta el 100 % del presupuesto presentado, sin que la cuantía máxima de la subvención por entidad pueda superar los 2.800 euros.

La concesión de las subvenciones quedará condicionada a la existencia de crédito adecuado y suficiente en el momento de dictarse la resolución.

Las subvenciones se concederán mediante procedimiento de concurrencia competitiva, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 22.1 de la Ley General de Subvenciones, mediante la comparación de las solicitudes presentadas y la aplicación de los criterios de valoración establecidos en la base 10 de la convocatoria.

Los proyectos se financiarán por orden decreciente de puntuación hasta el agotamiento del crédito disponible, con un límite máximo de 2.800 euros por proyecto.

En caso de renuncia o no aceptación de la subvención por alguna entidad beneficiaria, podrá adjudicarse la ayuda a las entidades siguientes según el orden de prelación resultante de la valoración, sin necesidad de realizar una nueva convocatoria.

Cuarto. Plazo y forma de presentación de solicitudes

El plazo de presentación de solicitudes será de quince (15) días naturales contados a partir del día siguiente al de la publicación de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia.

De conformidad con lo dispuesto en el artículo 14.2 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, las personas jurídicas están obligadas a relacionarse electrónicamente con las administraciones públicas, por lo que no se admitirán solicitudes presentadas por medios distintos a los previstos en esta convocatoria.

Las solicitudes deberán presentarse mediante el formulario normalizado correspondiente a esta convocatoria (Modelo CS006I Igualdad), disponible en la sede electrónica del Ayuntamiento de Santiago de Compostela. El formulario deberá cumplimentarse íntegramente y firmarse electrónicamente conforme a lo dispuesto en el artículo 66.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Las actividades subvencionadas y su difusión deberán realizarse, cuando menos, en lengua gallega y emplear, en todo caso, un lenguaje inclusivo.

La presentación de la solicitud implica la aceptación íntegra de las bases de la convocatoria y el compromiso de cumplir las obligaciones derivadas de las mismas.

Las solicitudes, acompañadas de la documentación exigida, se presentarán exclusivamente por vía electrónica a través de la sede electrónica del Ayuntamiento de Santiago de Compostela, accesible en la dirección <https://sede.santiagodecompostela.gal/>, de acuerdo con el procedimiento y los modelos normalizados establecidos en la convocatoria.

Asimismo, la presentación de la solicitud conllevará la autorización al Ayuntamiento para recabar de la Agencia Estatal de Administración Tributaria y de la Tesorería General de la Seguridad Social la información necesaria para verificar el cumplimiento de las obligaciones tributarias y con la Seguridad Social por parte de la entidad solicitante.

Concello de Santiago de Compostela

8/6/2026

GORETTI SANMARTÍN REI

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DESTINADAS AO FOMENTO DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES A FAVOR DA IGUALDADE EFECTIVA ENTRE MULLERES E HOMES, DAS PERSOAS DO COLECTIVO LÉSBICO, GAY, BISEXUAL, TRANSEXUAL, INTERSEXUAL E QUEER (LGBTIQ+) E DA PREVENCIÓN E LOITA CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS PARA O ANO 2026

BDNS (Identif.): 912322

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/912322>)

Título

Extracto do Acordo do 8 de xuño de 2026 da Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela polo que se aproba a convocatoria de subvencións destinadas ao fomento de programas e actividades a favor da igualdade efectiva entre mulleres e homes, das persoas do colectivo lésbico, gay, bisexual, transexual, intersexual e queer (LGBTIQ+) e da prevención e loita contra as violencias machistas para o ano 2026.

Texto

Primeiro. Entidades beneficiarias e requisitos

Poderán solicitar as subvencións obxecto da presente convocatoria as asociacións e entidades sen ánimo de lucro que cumpran, na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

a) Estar legalmente constituídas e rexistradas no Rexistro Galego de Asociacións e, no seu caso, ter actualizados todos os seus datos rexistrais. Calquera modificación producida desde a súa inscrición ou última actualización deberá comunicarse por escrito ao Departamento de Igualdade xunto coa solicitude.

b) Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Santiago de Compostela con anterioridade á publicación desta convocatoria e manter actualizados os seus datos, de conformidade co disposto no artigo 17 do Regulamento de Participación Cidadá.

c) Carecer de ánimo de lucro.

d) Desenvolver principalmente as súas actividades no termo municipal de Santiago de Compostela.

e) Estar ao corrente, no seu caso, na xustificación de subvencións concedidas anteriormente polo Concello de Santiago de Compostela.

f) Acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias co Concello de Santiago de Compostela, a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Facenda autonómica, así como coa Seguridade Social. Así mesmo, deberán estar ao corrente no reintegro de subvencións concedidas polo Concello, de proceder.

g) Non estar incursas en ningunha das prohibicións ou incompatibilidades previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

h) Non poderán obter a condición de beneficiarias aquelas entidades nas que concurra algunha das circunstancias previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, ou nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

i) Ter recollido expresamente nos seus estatutos, como obxecto ou entre os seus fins institucionais, a promoción da igualdade efectiva entre mulleres e homes e/ou a defensa dos dereitos e liberdades das persoas e do colectivo LGBTIQ+.

j) Acreditar a representación legal da persoa que actúe en nome da entidade.

k) Ter sede, domicilio social ou delegación permanente no termo municipal de Santiago de Compostela. Entenderase por delegación permanente aquela que dispoña de persoal permanente e dun local fixo para o desenvolvemento das súas actividades, así como dunha estrutura organizativa suficiente para garantir o cumprimento dos seus fins sociais.

l) Cumprir, ademais, calquera outro requisito previsto no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.

Todos estes requisitos deberán manterse durante todo o exercicio 2026.

Non se admitirán a trámite as solicitudes presentadas por entidades que non cumpran a totalidade dos requisitos esixidos na data de finalización do prazo de presentación.

Segundo. Obxecto

A presente convocatoria ten por obxecto subvencionar programas e actividades dirixidos a promover a igualdade efectiva entre mulleres e homes, a igualdade de trato e dereitos das persoas LGBTIQ+ e a prevención e erradicación das violencias machistas.

Establécense as seguintes liñas de actuación:

Liña 1. Programas e actividades de fomento da igualdade efectiva entre mulleres e homes.

A súa finalidade é apoiar actividades e iniciativas que promovan a igualdade de xénero e a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Liña 2. Programas e actividades de fomento da igualdade efectiva das persoas LGBTIQ+.

A súa finalidade é apoiar actividades e iniciativas que promovan a igualdade de trato, a non discriminación e a garantía dos dereitos das persoas do colectivo LGBTIQ+.

Liña 3. Programas e actividades para a prevención das violencias machistas no municipio de Santiago de Compostela.

A súa finalidade é apoiar a posta en marcha e o desenvolvemento de actividades e iniciativas orientadas a avanzar cara a un municipio libre de violencias machistas.

Terceiro. Contía

Para o financiamento das subvencións previstas nesta convocatoria destínase un crédito orzamentario de 30.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 010 23102 4890100/2026.

Poderá subvencionarse ata o 100% do orzamento presentado, sen que a contía máxima da subvención por entidade poida superar os 2.800 euros.

A concesión das subvencións quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento de dítarse a resolución.

As subvencións concederanse mediante procedemento de concorrencia competitiva, de conformidade co disposto no artigo 22.1 da Lei Xeral de Subvencións, mediante a comparación das solicitudes presentadas e a aplicación dos criterios de valoración establecidos na base 10 da convocatoria.

Os proxectos financiaranse por orde decrecente de puntuación ata o esgotamento do crédito dispoñible, cun límite máximo de 2.800 euros por proxecto.

En caso de renuncia ou non aceptación da subvención por algunha entidade beneficiaria, poderá adjudicarse a axuda ás entidades seguintes segundo a orde de prelación resultante da valoración, sen necesidade de realizar unha nova convocatoria.

Cuarto. Prazo e forma de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de quince (15) días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as persoas xurídicas están obrigadas a relacionarse electronicamente coas administracións públicas, polo que non se admitirán solicitudes presentadas por medios distintos aos previstos nesta convocatoria.

As solicitudes deberán presentarse mediante o formulario normalizado correspondente a esta convocatoria (Modelo CS006I Igualdade), dispoñible na sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela. O formulario deberá cumprimentarse integramente e asinarse electronicamente conforme ao disposto no artigo 66.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As actividades subvencionadas e a súa difusión deberán realizarse, cando menos, en lingua galega e empregar, en todo caso, unha linguaxe inclusiva.

A presentación da solicitude implica a aceptación íntegra das bases da convocatoria e o compromiso de cumprir as obrigacións derivadas das mesmas.

As solicitudes, acompañadas da documentación esixida, presentaranse exclusivamente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela, accesible na dirección <https://sede.santiagodecompostela.gal/>, de acordo co procedemento e os modelos normalizados establecidos na convocatoria.

Así mesmo, a presentación da solicitude conlevará a autorización ao Concello para solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería Xeral da Seguridade Social a información necesaria para verificar o cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social por parte da entidade solicitante.

Concello de Santiago de Compostela

8/6/2026

GORETTI SANMARTÍN REI

2026/4019